Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN PROVISIONAL DAS AXUDAS MUNICIPAIS AO TRANSPORTE PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE COIRÓS. CURSO 2026/2027

EXPEDIENTE: 2026/A011/000007

ANTECEDENTES:

Primeiro. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós, adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 14 de setembro de 2026, actuando por delegación da Alcaldía conforme ao Decreto da Alcaldía núm. 75/2026, do 13 de abril, aprobáronse as Bases específicas reguladoras das axudas ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós, correspondentes ao expediente 2026/A011/000007.

Segundo. As citadas bases regulan a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas individuais destinadas a contribuír aos gastos de desprazamento das persoas empadroadas no Concello de Coirós que realicen estudos fóra do termo municipal, nos termos establecidos nas propias bases.

Terceiro. Mediante Resolución da Alcaldía núm. 305/2026, do 22 de setembro, avogouse puntualmente a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a aprobación da convocatoria correspondente ao presente expediente, aprobándose a Convocatoria das axudas municipais ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós para o curso 2026/2027.

A avogación tivo carácter puntual e exclusivamente para a aprobación da convocatoria, mantendo plena vixencia para os restantes asuntos a delegación efectuada na Xunta de Goberno Local.

Cuarto. A convocatoria e as bases reguladoras foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 187, do 30 de setembro de 2026, anuncio núm. 2026/6267, así como na sede electrónica e na páxina web do Concello de Coirós.

Quinto. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e realizadas, de ser o caso, as correspondentes actuacións de comprobación e emenda, o órgano instrutor elaborou a correspondente proposta técnica de resolución provisional, na que se recollen as solicitudes que reúnen os requisitos establecidos nas bases, as contías individuais propostas e, de ser o caso, as solicitudes propostas para a denegación ou exclusión, cos motivos correspondentes.

Sexto. A Comisión de Avaliación de Subvencións, reunida ao efecto, emitiu informe favorable en data 13/11/2026 respecto da proposta formulada polo órgano instrutor.

Sétimo. O crédito máximo destinado á presente convocatoria ascende a 5.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231/48100 do Orzamento municipal do exercicio 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: CuF0OsinqC1LaJiQ3ldN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Primeiro. As Bases específicas reguladoras das axudas ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión do 14 de setembro de 2026.

Segundo. A Convocatoria das axudas municipais ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós para o curso 2026/2027, aprobada mediante Resolución da Alcaldía núm. 305/2026, do 22 de setembro, por avogación puntual da competencia delegada.

Terceiro. A Base décimo primeira das bases reguladoras, relativa ao procedemento de concesión, establece que as axudas se concederán mediante o procedemento de concorrencia competitiva e que o órgano instrutor formulará as correspondentes propostas técnicas de resolución provisional e definitiva, logo das comprobacións previstas nas bases.

Cuarto. A Base décimo segunda establece que a proposta técnica de resolución provisional, logo de ser informada pola Comisión de Avaliación, será elevada á Xunta de Goberno Local, que adoptará o correspondente acordo de resolución provisional. Así mesmo, establece a súa publicación e a apertura dun prazo de dez días hábiles para formular alegacións.

Quinto. Resultan de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Coirós e demais normativa de aplicación.

Sexto. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. No mesmo sentido pronúncianse os artigos 44 e 116 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que permiten ao órgano delegante recuperar o exercicio da competencia para un caso concreto.

No presente suposto concorren razóns obxectivas de urxencia e interese público, de índole económica, que xustifican plenamente o exercicio da potestade de avogación puntual, a fin de que podan concederse as axudas con carácter definitivo no presente exercicio 2026.

Á vista dos antecedentes expostos, da proposta técnica de resolución provisional formulada polo órgano instrutor e do informe favorable emitido pola Comisión de Avaliación de Subvencións en data 13/11/2026,

No uso das facultades que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

Primeiro. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP),avógase a competencia para este trámite en concreto, polos motivos expostos.

Segundo. Aprobar a resolución provisional das axudas municipais ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós correspondentes ao curso 2026/2027,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: CuF0OsinqC1LaJiQ3ldN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

nos termos da proposta formulada pola técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar e informada favorablemente pola Comisión de Avaliación.

Terceiro. Propoñer provisionalmente a concesión das axudas ás persoas solicitantes relacionadas no Anexo I, polas contías individuais que se indican nel, de conformidade coa localización do centro de estudos e cos demais criterios establecidos nas bases reguladoras, ascendendo o importe total das axudas propostas a 3.930,00 €.

Cuarto. Propoñer provisionalmente a denegación ou exclusión das solicitudes relacionadas no Anexo II, polos motivos que se indican individualmente en cada caso.

Quinto. As contías individuais das axudas serán as que correspondan conforme ás bases reguladoras e á convocatoria, dentro dos límites do crédito dispoñible e, no seu caso, da orde de prelación establecida en función da renda per cápita da unidade familiar. As contías previstas nas bases son de 160 €, 200 €, 250 €, 300 €, 420 €, 500 € ou 900 € segundo a localización do centro de estudos, nos termos establecidos na Base sexta.

Sexto. Publicar o presente acordo de resolución provisional no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Coirós, producindo esta publicación os efectos de notificación ás persoas interesadas.

Sétimo. Conceder ás persoas interesadas un prazo de dez (10) días hábiles, contado desde o día seguinte ao da publicación do presente acordo, para formular as alegacións que consideren oportunas.

Oitavo. Finalizado o prazo de alegacións, o órgano instrutor examinará as que, de ser o caso, se presenten e formulará a correspondente proposta técnica de resolución definitiva, que será elevada á Xunta de Goberno Local para a adopción do correspondente acordo de resolución definitiva.

Noveno. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais correspondentes para os efectos oportunos.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: CuF0OsinqC1LaJiQ3ldN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ANEXO I

RELACIÓN DE SOLICITUDES PROPOSTAS PARA A CONCESIÓN PROVISIONAL

Nº	EXPEDIENTE	SOLICITANTE	DNI/NIE	TOTAL AXUDA
1	2026/A012/000044	M.V.R.	***4573**	500
2	2026/A012/000045	M.B.R.G.	***1308**	160
3	2026/A012/000046	M.F.R.	***2760**	250
4	2026/A012/000047	U.P.C	***1250**	420
5	2026/A012/000048	M.R.M.	***5808**	420
6	2026/A012/000049	A.R.M.	***5808**	420
7	2026/A012/000051	A.S.P.	***8536**	250
8	2026/A012/000052	D.A.P.	***7133**	420
9	2026/A012/000053	C.S.P.	***0187**	250
10	2026/A012/000054	A.V.L.	***1600**	420
11	2026/A012/000056	S.E.R.Z.	***3321**	420
			TOTAL	**3.930 €**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: CuF0OsinqC1LaJiQ3ldN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ANEXO II

RELACIÓN DE SOLICITUDES PROPOSTAS PARA A DENEGACIÓN OU EXCLUSIÓN PROVISIONAL

Nª	EXPEDIENTE	SOLICITANTE	DNI/NIE	CAUSAS DA DENEGACIÓN
1	2026/A012/000050	M.M.F.Q.	***7845**	Non cumpre co requisito recollido na BASE QUINTA. Requisitos das persoas beneficiarias, apartado a), o cal esixe “Estar empadroada a persoa beneficiaria no Concello de Coirós cunha antigüidade mínima dun ano ininterrompido inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude”. Consta no expediente que a solicitude foi presentada o 9 de outubro de 2026, mentres que a alta no padrón municipal de habitantes da unidade familiar figura con data do 15 de decembro de 2025, acreditando un período de residencia ininterrompido inferior ao ano esixido.
2	2026/A012/000055	P.M.T.	***7209**	Non cumpre co requisito recollido na BASE QUINTA. Requisitos das persoas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: CuF0OsinqC1LaJiQ3ldN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

				beneficiarias, apartado c), o cal esixe “Que a renda per cápita da unidade familiar non supere os 12.000 euros anuais”. Comprobados os datos económicos que constan no expediente, a renda per cápita da unidade familiar supera o límite esixido.

CVD: CuF0OsinqC1LaJiQ3ldN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)